


Entidade : CONCELLO DE OURENSE
NIF : P3205500F
Asunto : RENDICIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2012
Nº Rexistro : TELE/2014/17



O artigo 223 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, impón ás entidades locais a obriga de rende-las súas contas, e as de tódolos organismos e sociedades delas dependentes, antes do 15 de outubro de cada ano seguinte ao exercicio a que aquelas se refiren.

Examinada a Conta Xeral remitida a este Consello pola entidade referenciada correspondente ao exercicio 2012, feitas ás comprobacións oportunas para verificar que a mesma cumpre con todós os requisitos relacionados na Instrución do Consello de Contas aprobada mediante Acordo de 27 de xuño de 2011 adoptado polo seu Pleno, que regula o formato da Conta Xeral das Entidades Locais en soporte informático e o procedemento telemático para a rendición de Contas, e analizada a coherencia interna da información nela contida, comunicolle que se apreciaron incidencias que se recollen no anexo que acompaña o presente escrito.

Como resultado, a conta xeral ten a consideración de conta rendida con defectos, con data 24/02/2014.

Esta consideración da conta xeral significa que non é imprescindible a corrección dos defectos comunicados na conta xeral actual, pero prego que os tomen en consideración para a súa emenda en exercicios futuros.

Porén, de desexar a corrección da incidencias sinaladas na conta xeral actual, deberán no seu caso, solicitar a apertura da conta na Plataforma de rendición telemática, e proceder de acordo co procedemento telemático

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2014



Ramón José Nuñez Gamallo
Conselleiro responsable da Área de Corporacións Locais